



PUBLICADA A LEI 35/2010 DE 17 DE SETEMBRO DE MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA DO MERCADO DE TRABAJO

O pasado día 18 de setembro apareceu publicada no BOE a Lei 35/2010 de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo. Pasamos a expor brevemente algunha das novidades mais significativas que inclúe esta norma, que ven a desenvolver o Real-decreto lei 10/2010 de xuño.

Os contratos de obra poderán ter unha duración máxima de 3 anos, ampliable a 4 cando o convenio colectivo sectorial así o recolla. No que respecta ao encadeamento de contratos, adquiren a condición de fixos aqueles que nun período de 30 meses estiveran traballando máis de 24 meses no mesmo ou en diferente posto de traballo mediante dous ou máis contratos na mesma empresa ou grupo de empresas. A indemnización por remate de contratos temporais aumentará de 8 a 12 días, subindo progresivamente ano a ano e chegando aos 12 días o 1 de xaneiro de 2015.

En canto o despido colectivo e por causas obxectivas a nova regulación permíteo, xa non so en base a situación actual da empresa senón tamén cando se prevexan perdas futuras. Tamén se introducen novidades en certos tipos de contratación e así por exemplo no contrato para o fomento da contratación indefinida aumentáanse os colectivos cos que se pode realizar o mesmo, para o contrato en prácticas aumentase a 5 os anos para esta modalidade, sendo 7 para os discapacitados. No contrato de formación modifícase o réxime salarial e inclúese a cobertura por desemprego con algunhas excepcións.

Ao marxe tamén existen novidades nos campos da prestación económica dos autónomos por cese de actividade e das axencias de colocación e empresas de traballo temporal. Para máis información consultar o texto da [lei](#).



PRÓRROGAS DAS SUBVENCIONS DE INVESTIGACIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

O pasado 8 de outubro publicouse a orde do 1 de outubro de 2010 que ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das axudas correspondentes ás prórrogas que se inician no ano 2010 dos programas de formación de persoal investigador e tecnólogo do Programa de recursos humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2006-2010).

As axudas que se convocan en réxime de prórrogas con inicio no ano 2010 para os Programas Isidro Parga Pondal, María Barbeito e Isabel Barreto ascenden a un total de 8.722.102 € que se reparten da seguinte maneira:

- **Segunda prórroga Programa Isidro Parga Pondal 2006:** axudas a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia. O orzamento total para os anos 2010 e 2011 ascende a 1.778.400 €.
- **Prórroga Programa Isidro Parga Pondal 2007:** axudas para a contratación de doutores en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia. A subvención total para os anos 2010, 2011 e 2012 ascende a 2.872.800 €.
- **Prórroga Programa María Barbeito 2008:** axudas a contratos predoutorais de formación de doutores para a súa incorporación en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia. O importe total para os anos 2010 e 2011 ascende a 757.302 €.
- **Prórroga Programa Isabel Barreto 2008:** Axudas para á incorporación de tecnólogos e axentes de innovación e xestión de proxectos de I+D+i en organismos públicos de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia. A contía total para os anos 2010, 2011, 2010 ascende a 3.313.600 €.

A documentación a presentar poderase obter na web oficial da consellería <http://economia-e-industria.xunta.es>, no enderezo electrónico info.rhs@xunta.es ou teléfonos da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. As solicitudes, dirixidas ao director xeral, presentaranse no rexistro xeral de dita Dirección Xeral, ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **9 de outubro ata o 8 de novembro de 2010.**



PUBLICOUSE O NOVO ESTUDO DO OSIMGA SOBRE A SITUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA EN GALICIA

O pasado día 15 o Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) deu a coñecer o estudo titulado “A Administración Electrónica na Xunta de Galicia. Edición 2009”

O cometido do estudo foi analizar a situación da administración electrónica para todos aqueles organismo dependentes da Xunta de Galicia (consellerías e centros xestores) xa que resulta de vital importancia coñecer o grado de implantación da e- administración na nosa comunidade. A aplicación da Lei 11/2007 para o Acceso Electrónico dos Cidadáns as Administracións Públicas e con ela a posta en marcha de mecanismos por parte da administración que faciliten este dereito da cidadanía, é unha realidade. Cuestión que xustifica o desenvolvemento do presente estudo, xa que é un xeito mais de promover dita implantación e garantir o seu correcto funcionamento.

Coa finalidade de dar a coñecer os principais resultados do estudo, deterémonos nos seguintes apartados establecido en formato esquemático:

1. Equipamento e conectividade

No período 2008-2009 incrementou nun 4,9% o número de ordenadores de usuario da Xunta de Galicia, aínda que seguen importantes carencias, coma a que en ocasións non dispoñen de banda ancha ou non están conectados á rede local.

2. Aplicación e software libre

O software libre esta presente nun 92,9% en todas as consellerías.

3. Xestión informática das TIC

Incrementou no último ano en algo mais dun 7% as consellerías con persoal propio que desenvolven programas informáticos, aínda que na maioría carecen dun certificado externo sobre a xestión da TIC.



4. Sitio Web

En xeral, houbo un importante incremento e adianto das funcionalidades dos sitios web das consellerías, abrangendo aquelas relacionadas cos aspectos técnicos como as orientadas cara aos usuarios.

5. Intranet

Case un 80% das consellerías ten intranet propia.

6. Uso de certificados electrónicos e Tramitación telemática

Se entendemos estes coma mecanismos de identificación e seguridade, o seu uso aínda non é completo para toda a administración, e existe unha baixa utilización dos módulos xerais de tramitación telemática.

7. Canais de comunicación cos cidadáns e Servizos electrónicos

Se esta a empregar unha gran variedade de canais de comunicación cos cidadáns pero se limitan aos propios de internet. Non existe experimentación coas novas canles, coma poden ser os SMS, dispositivos móbiles e teléfono.

8. Procedementos

A integración de procedementos entre administracións é moi baixa e practicamente inexistente con terceiros

9. Participación e democracia electrónica

A maior parte da cidadanía participa electrónicamente grazas o mecanismo da caixa de correo electrónico xenérico (92,9% de consellerías), quedando moi por riba doutros mecanismos como as enquisas electrónicas ou os foros.

Se queredes ampliar máis o voso coñecemento sobre o presente estudo, podedes acudir o OSIMGA ou a nosa fonte de información <http://www.eidolocal.com/portal/actualidade>.



SUBVENCÍONS PARA UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DE I+D+I PARA O 2010

Mediante esta orde convócanse axudas dirixidas aos centros de innovación e tecnoloxía, aos centros de investigación e grupos de investigación do sistema universitario galego (en adiante SUG) e demais organismos do sistema público de I+D+i.

Estas axudas, que recoñecen e premian o esforzo na obtención de resultados de calidade, concédense sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e co compromiso de desenvolver un programa por obxectivos particularizado para cada beneficiario da axuda e no que se plasmen os fitos que se agardan obter, necesariamente ligados a unha mellora contrastable nos resultados da actividade investigadora.

A orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión das subvencións, baixo a fórmula de contratos-programa, da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, e as axudas a estruturación do sistema galego de I+D+i na procura dunha maior e mellor competitividade realizando unha investigación de calidade, promovendo a consolidación e o dimensionamento das unidades de investigación do SUG e demais organismos de investigación que desenvolven a súa actividade investigadora en Galicia.

Poderán ser beneficiarios das subvencións, as universidades públicas de Galicia, os organismos públicos de investigación (Consello Superior de Investigacións Científicas e Instituto Español de Oceanografía) e os centros de investigación da rede pública sanitaria de Galicia a través dos seus grupos de investigación, así como os centros de innovación e tecnoloxía.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o 20/11/2010.

Máis información: <http://www.xunta.es/Dog/Dog2010>

